

Actividades EXTRAescolares (01-10-2012 a 31-05-2013)

DIA	HORA	ACTIVIDADE	Monitor
Luns	16:00 - 17:00	Atletismo	Eduardo (Club Sada)
		Karate4-6	Daniel
		Patínaxe 8-12	Pedro / Blanca
		Ximnasia Rítm. 7-8	Ana
	17:00 - 18:00	Baloncesto 5-9	Club Santo Domingo
		Patínaxe 3-7	Pedro / Blanca
18:00 - 19:00	Ximnasia Rítm. 9-12	Ana	
Martes	16:00 - 17:00	Baile 3-12	Julia
		Karate 7-12	Daniel
		Psicomotricidade 3-6	Cristina
		Ximnasia Rítm. 6	Ana
	17:00 - 18:00	Teatro 3-12	Julia
		Fútbol Sala 4-6	Andrés / Cristina
18:00 - 19:00	Tiro con arco 6-12	Luis (Club Adarve)	
	Ximnasia Rítm. 3-5	Ana	
19:00 - 20:00	Fútbol Sala 7-9	Andrés / Cristina	
Mércores	16:00 - 17:00	Atletismo	Eduardo (Club Sada)
		Karate4-6	Daniel
		Ximnasia Rítm. 7-8	Ana
		Baloncesto 5-9	Club Santo Domingo
	17:00 - 18:00	Tiro con arco 6-12	Luis (Club Adarve)
		Ximnasia Rítm. 9-12	Ana
18:00 - 19:00	Baloncesto 10-12	Club Santo Domingo	
Xoves	16:00 - 17:00	Baile 3-12	Julia
		Karate 7-12	Daniel
		Patínaxe 8-12	Pedro / Blanca
		Psicomotricidade 3-6	Cristina
		Ximnasia Rítm. 6	Ana
		Teatro 3-12	Julia
	17:00 - 18:00	Fútbol Sala 4-6	Andrés / Cristina
		Patínaxe 3-7	Pedro / Blanca
		Ximnasia Rítmica 3-5	Ana
		Cociña Creativa 5-12	Carmela / Irene
18:00 - 19:00	Fútbol Sala 7-9	Andrés / Cristina	
19:00 - 20:00	Fútbol Sala 7-9	Andrés / Cristina	
Venres	16:00 - 17:30	Banda de Música 8-12	Fernán

- Pavillón CEIP Fco. Vales Villamarín
- Pavillón IES Fco. Aguiar
- Patio cuberto CEIP Fco. Vales Villamarín
- Sala usos múltiples de Edificio de Infantil
- Salón de actos Edificio de Primaria
- Aula Comedor Edificio de Primaria

AVISO IMPORTANTE:

O pago das actividades remata o 19 de outubro de 2012.

Informamos de prazas vacantes en: Teatro, Banda de Música, Psicomotricidade, Tiro con Arco e Baloncesto

Certame FERTIBERIA de Pintura Rural Infantil



Poderán participar tódolos nenos e nenas que no curso escolar 2010-2011 cursen 1º, 2º, 3º ó 4º de primaria.

Os temas das obras deben ter relación co medio agrícola (a vida nel, a súa conservación, o crecemento das plantas, os cultivos, etc.)

En formato apaisado A4 ou A3. A técnica é libre co emprego de cores, pero recomendase aquelas técnicas que faciliten o desenvolvemento creativo dos nenos/as (ceras, guasch, acuarelas, etc.). Non se recomenda o uso de lapis de cores, xa que se pretende animar aos nenos a pintar, máis que a debuxar.

Os principais premios establecidos son:

- Beca de estudos de 6.000 euros para o 1º premio
- Beca de estudos de 3.000 euros para o 2º premio.
- Beca de estudos de 2.500 euros para o 3º premio.
- Beca de estudos de 2.000 euros para o 4º e 5º premio.

A ANPA e o colexio encargaranse de orientar e coordinar a recollida dos traballos antes de rematar o mes de Outubro.

(As bases do concurso están expostas nas portas do colexio e no blog da ANPA Brigantium)



Mostra debuxos alumnos Vales Villamarín ano 2010

Data límite para presentar os cadros: **19 de outubro** na **Secretaría do Colexio**.

Fertiberia, S.A. reservarase o dereito de reprodución das obras presentadas ao Certame. As obras presentadas pasarán a ser propiedade de Fertiberia, S.A., quen se reserva tódolos dereitos sobre las mesmas.

Colexio novo

X A

Vales Villamarín

NON á MASIFICACIÓN

Futuro incerto

ANPA Brigantium

Consulta máis información no noso blog

<http://anpabrigantium.blogaliza.org/>

facebook: [anpabrigantium](#)

anpabrigantium@gmail.com



CONCELLO DE BETANZOS
CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN

Resumo do tratado na Asemblea

Medio centenar de pais participaron na asemblea De inicio do curso escolar que tivo lugar o pasado venres 28 de setembro.

Ademais da aprobación das contas onde se constatou a liquidez positiva das mesmas, faláronse dos seguintes temas:

- ✓ Aclaración das dúbidas xurdidas na anterior asemblea
- ✓ Xestión de Comedor e Mañanceiros, aínda por conta da ANPA, pero en negociacións co Concello de Betanzos para cursos futuros.
- ✓ Aprobación estado de contas
- ✓ Uso axendas escolares
- ✓ Organización das aulas
- ✓ Distribución do profesorado
- ✓ Problemática do transporte escolar
- ✓ Situación das contrapartidas esixidas ao non dispor de aulas prefabricadas
- ✓ Simulacro evacuación 2012-2013
- ✓ Non continuidade da actual Dirección do Colexio cara o curso 2013-2014
- ✓ Calendario escolar. Días non lectivos
- ✓ Situación construción novo colexio de infantil
- ✓ Actividades extraescolares permanentes 2012-2013
- ✓ Actividades puntuais propostas 2012-2013
- ✓ Vantaxe de facerse socio
- ✓ Reorganización da xunta directiva: 4 baixas, ningunha entrada.



A actual xunta directiva da ANPA, quere chamar a atención das nais / pais, sobre o perigo de **NON CONTINUIDADE** das actividades extraescolares organizadas pola ANPA, así como dos **servizos de comedor e mañanceiros**.

A marcha de varios membros da xunta directiva da ANPA, despois de anos traballando nela, e a non incorporación de ningunha nai/pai na última asemblea, pon en serio perigo a continuidade das mesmas, tendo en conta que o curso que vén serán outras 4 membros os que abandonen a asociación.

A xunta directiva invita ás nais/pais que teñan inquietudes cara o ensino público e, máis concretamente, cara o colexio onde viven, a participar na xunta directiva dende este mesmo momento. O curso que vén tal vez sexa demasiado tarde, tendo en conta que para daquela tal vez teñan que comezar de cero.

Por favor, contactade coa directiva, ben a través do correo da ANPA, anpabrigantium@gmail.com, ben deixando os teus datos na caixa de correos da ANPA, ou ben directamente con nós, o venres 19 ás 18'00 na charla que dará o Director do colexio e onde estaremos presentes.

Crédenos se dicimos que o futuro da ANPA e de parte do colexio pode depender da túa implicación. Necesitamos nais e pais comprometidos para sacar isto adiante e máis, neste tempos que se aveciñan.

Charla do Director do Colexio

VENRES 19

Ás 18:00

Salón de Actos



O Director do Colexio, entendendo que os pais son a parte máis importante na educación dos seus fillos, quere transmitirle, de primeira man, cal é a situación real do colexio onde estudan os seus fillos, que modelo de ensino se vai seguir, como se organiza o centro, con que problemas se van atopar, tanto nenos como pais, que podemos facer para mellorar dentro das nosas posibilidades, como afectan os recortes á labor pedagóxica e por suposto atender a todas as dúbidas que existan, así como recoller todas as suxestións que saían na charla.

Só entre todos podemos mellorar isto

